

## EXERCICIOS PARA TRABALLAR A COHESIÓN TEXTUAL

### 1. Trata de mellorar a cohesión destes breves textos que aparecen a continuación utilizando os mecanismos que vimos na aula.

a) O outro día na rúa encontrei uns amigos. Os amigos contáronme que compraran unha moto. Compraran a moto cun diñeiro que gañaran no verán. No verán estiveran traballando para gañar diñeiro e comprar unha moto.

b) Ter animais na casa é moi agradable. Tamén ter animais na casa ten problemas. Tes que sacar os animais a pasear e tes que levalos ao veterinario. Hai persoas que non queren ter animais na súa casa. Non queren ter animais por varias razóns. Algunhas persoas téñenlles alerxia aos animais. Outras persoas non poden coidar os animais.

c) Meus pais vivían nunha casa xunto a un campo de fútbol. Meus pais sempre van ver os partidos de fútbol e antes tamén ían ver os partidos. Agora meus pais viven no campo. Mudáronse ao campo porque queren vivir agora unha vida máis tranquila e sempre viviron xunta un campo de fútbol. Hai moito ruído xunta un campo de fútbol.

### 2. Utiliza o conector máis adecuado do tipo que se especifica entre parénteses.

a) \_\_\_\_\_ non sexa sempre aparente, o terror á morte é universal, constitúe a motivación principal na vida da persoa e nutre o instinto humano de conservación. (de contraste).

b) A oposición á eutanasia por parte das relixións cristiás brota da convicción de que só Deus dá a vida e, \_\_\_\_\_, só el a pode quitar. (consecutivo).

c) Os familiares xogan un papel fundamental na opción de morrer, especialmente cando se trata dun enfermo mentalmente incapacitado, \_\_\_\_\_ son os parentes quen mellor coñecen os valores e desexos do moribundo. (causal).

d) \_\_\_\_\_ os medios de comunicación non tiveron sempre o mesmo impacto ca o de hoxe, estiveron sempre presentes ao longo dos séculos. (de contraste).

e) Entre todos os medios de comunicación, a televisión é, sen dúbida, o máis penetrante, popular e, \_\_\_\_\_, o máis efectivo. (aditivo).

f) En América do Norte, \_\_\_\_\_, os expertos calculan que os adultos pasan a metade do seu tempo de lecer ante a pequena pantalla. \_\_\_\_\_, os nenos dedícanlle máis tempo que ao colexio. (exemplificador e ordenador).

g) Os medios de comunicación ensínanos a realidade, \_\_\_\_\_ fano á súa maneira. (de contraste).

h) Vitoria, quen, \_\_\_\_\_, é a filla do campión olímpico, ten unha lesión leve. Onte queimouse facendo tenis e natación, \_\_\_\_\_, hoxe ten os ligamentos distendidos \_\_\_\_\_ non poderá vir á conferencia. (aditivo, consecutivo e aditivo).

i) Non estou de acordo co proxecto por dous motivos: \_\_\_\_\_, ninguén me puxo ao tanto no seu momento e, \_\_\_\_\_, os seus custos elevan demasiado o orzamento. (ordenadores).

l) O baloncesto caracterízase pola rapidez e a eficacia, o fútbol, \_\_\_\_\_, depende máis da forza física, da estratexia e da técnica. (de contraste).

### **3. Indica cal é o procedemento de cohesión empregado.**

a) Marcos non quería beber a taza do leite porque había unha ra dentro. Ninguén o creu, pero el sabía que era verdade porque metera o anfíbio alí.

b) Convidei os teus irmáns e os teus curmáns, mais estes últimos non aceptaron. Así que, subiremos todos, teus irmáns e eu, á montaña. Non sei se alí irá frío.

c) A miña última novela deixoume dous beneficios: cerroume as portas das televisións e abriume as das editoriais.

d) É un gran amante das plantas, especialmente das aromáticas, como o tomiño e o fiúncho.